



Concello de Vigo  
Expte. 5351/1101

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 3/2026

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 12 DE MARZO DE 2026

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Concesión Medalla da Cidade. Expte. 21048/101. Expte. Pleno 5343/1101.
- 2.- Nomeamento de Vigueses Distinguidos. Expte. 21047/101. Expte. Pleno 5342/1101.

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Ilmo. Sr. Alcalde  
Aguiar Castro, Yolanda  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Gómez Díaz, Gorka  
Iglesias González, Ana Laura  
Iglesias López, Patricia  
Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen  
López Font, Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana Maria  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Calviño, Patricia  
Rodríguez Rodríguez, Nuria  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

Benavides Alonso, Daniel  
González Abeijón, Fernando  
Martin Peña, Jose Miguel  
Sanchez Méndez, M<sup>a</sup> Luisa

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe  
Martínez Piñeiro, Ana  
Pérez Igrexas, Xabier

#### NON ASISTEN:

Espinosa Mangana, Elena, concelleira do grupo municipal Socialista  
Estévez Rodríguez, Pablo Luis, concelleiro do grupo municipal Socialista



Copia do documento - Concello de Vigo  
5376-1101

Data impresión: 21/05/2026 12:51

Páxina 1 de 17

CSV: AEB2BE-B9BE29-D32AB1-919N6B-899AP7-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

García González, Patricia, concelleira do grupo municipal do Partido Popular.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos (10:05) do día doce de marzo do ano dous mil vinte e seis (12/03/26), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría a Secretaria de Admón. Municipal, dona Pilar Saborido Díaz, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

### **1 (36). CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE. EXPTE. 21048/101. EXPTE. PLENO 5343/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 9 de marzo de 2026, a Alcaldía emite o seguinte informe proposta,

#### I. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución Española de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 24 de febreiro de 2021 (BOP PO núm. 87 de 10.05.2021).
- Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981.

#### II. ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.

Segundo.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rúeiro; título honorífico (Medalla da Cidade) e "calquera outra distinción que acorde a Corporación".

Terceiro.- No seu artigo 7, o dito Regulamento establece como distinción a Medalla da Cidade e o seu artigo 3 establece que se poderá propoñer aos candidatos/as por mor de moción da Alcaldía, dos grupos políticos, por petición popular ou por petición dun número de Concelleiros e Concelleiras igual á maioría absoluta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:51	Páxina 2 de 17
5376-1101	CSV: AEB2BE-B9BE29-D32AB1-919N6B-899AP7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Cuarto.- Pola súa parte, o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 24 de febreiro de 2021 (BOP PO núm. 87 de 10.05.2021), establece no seu artigo 28.4 que a Xunta de Voceiros será consultada para a "concesión de distincións que correspondan ao Pleno".

Quinto.- Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 24 de febreiro de 2026, a Concelleira da Área de Goberno Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, ordena o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión das Medallas da Cidade , en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións.

### III.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

#### A) MARCO LEGAL

Primeiro.- A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 137 a organización do Estado en municipios, provincias e as comunidades autónomas que se constitúan y determina que todas estas entidades gozarán de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. No seu artigo 140 conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecéndose que o seu goberno e administración corresponde aos respectivos concellos.

Segundo.- A Lei 7/1985 recoñece aos entes locais as potestades regulamentaria e de autoorganización.

Terceiro.- O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, establece no seu artigo 189 que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios.

Cuarto.- O artigo 190 da mesma norma dispón que os Concellos, Deputacións Provinciais, Cabidos e Consellos Insulares poderán acordar nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, cualidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados co maior rigor no expediente que se instruírá ao efecto.

Quinto.- O artigo 50.24 do dito regulamento determina que será atribución do Pleno da Corporación a concesión de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos e conferir títulos de fillos predilectos ou adoptivos ou de membros honorarios da Corporación.

Sexto: O artigo 191 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que "os requisitos e trámites necesarios para a concesión dos honores e distincións a que se refiren os dous artigos precedentes (189 e 190), determinaranse en Regulamento especial".

Sétimo.- O Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo determina no seu artigo 5 as clases de distincións que poderá outorgar a Corporación, incluíndo a Medalla da Cidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:51	Páxina 3 de 17
5376-1101	CSV: AEB2BE-B9BE29-D32AB1-919N6B-899AP7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Oitavo.- Con data 24 de febreiro de 2021 o Pleno da Corporación aprobou definitivamente o Regulamento Orgánico do Pleno, que no seu artigo 28.4 establece como trámite preceptivo e non vinculante a consulta previa á Xunta de Voceiros para a concesión de distincións que correspondan ao Pleno.

**B) As motivacións e méritos para outorgar as distincións Medalla de Ouro da Cidade de Vigo aos galardoados:**

As motivacións que fundamentan a concesión das Medallas de Ouro da Cidade de Vigo no ano 2026 responden ao recoñecemento do labor exemplar, a traxectoria acreditada e a contribución singular de persoas e entidades que, co seu compromiso e dedicación, teñen engrandecido o nome e o prestixio da cidade. En consecuencia, propónse o outorgamento das seguintes distincións:

- COLEXIO MARÍA INMACULADA – HH. CARMELITAS, Medalla de Ouro da Cidade de Vigo, en recoñecemento á súa dilatada traxectoria educativa coincidindo coa celebración do seu centenario. Desde a súa fundación, este centro educativo desenvolve unha destacada labor formativa ao servizo da cidade, contribuíndo á educación integral de xeracións de viguesas e vigueses. O seu proxecto educativo, baseado na atención personalizada e na formación académica de calidade, promove valores fundamentais como a liberdade, a xustiza, a paz e a fraternidade, formando persoas responsables, solidarias e comprometidas coa sociedade. O seu centenario constitúe unha ocasión especialmente significativa para poñer en valor a súa achega continuada ao desenvolvemento educativo e social de Vigo.

- JOSÉ GARCÍA COSTAS, Medalla de Ouro da Cidade de Vigo, en recoñecemento á súa relevante traxectoria empresarial e á súa contribución ao desenvolvemento económico da cidade. José García Costas é unha figura sobranceira do empresariado vigués. Como fundador de EMENASA no ano 1956, impulsou unha iniciativa empresarial que acadou proxección internacional no sector naval, configurando un grupo integrado por catorce sociedades. A súa vinculación coa Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo desde 1998 —institución que preside desde o ano 2001, hoxe Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa— evidencia o seu firme compromiso co fortalecemento do tecido empresarial e co progreso económico da cidade e da súa área de influencia.

O presente recoñecemento constitúe unha expresión de gratitude institucional pola súa contribución sostida ao desenvolvemento empresarial, social e económico de Vigo.

**C) Incidencia económica.**

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta son exclusivamente honoríficas e non comportan dereito económico nin administrativo algún para os galardoados/as, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

**D) Competencia.**

A competencia para resolver corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, segundo o previsto nos artigos 50.24, 189 e 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:51	Páxina 4 de 17
5376-1101	CSV: AEB2BE-B9BE29-D32AB1-919N6B-899AP7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Polo exposto, en atención aos especiais e importantes méritos recollido na parte expositiva deste informe-proposta e no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía Presidencia contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elevase ao órgano Pleno a seguinte proposta .../...”

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta de acordo que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

Mediante escrito presentado no Rexistro electrónico do Pleno con data de entrada do 11 de marzo de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, presenta voto particular relativo á proposta de Concesión da Medalla da Cidade (Expte. 21048/101) que consta no expediente electrónico número 5356/1101.

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 11 de marzo de 2026, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, presenta voto particular relativo á proposta de Concesión da Medalla da Cidade (Expte. 21048/101) que consta no expediente electrónico número 5359/1101.

#### VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO BNG:

- *Votos a favor:* sete (7) dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, mais dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular (4), señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Votos en contra:* dezasete votos (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia.
- *Abstencións:* Non houbo

#### ACORDO:

Con sete (7) votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG (3), mais catro (4) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular e dezasete (17) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista; queda rexeitada a emenda parcial ao ditame.

#### VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO PP:

- *Votos a favor:* catro (4) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Votos en contra:* dezasete votos (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:51	Páxina 5 de 17
5376-1101	CSV: AEB2BE-B9BE29-D32AB1-919N6B-899AP7-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia.

• *Abstencións:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas..

ACORDO:

Con catro (4) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, dezasete (17) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, queda rexeitada a emenda de éngada ao ditame.

VOTACIÓN DA PROPOSTA DITAMINADA:

•*Votos a favor:* vinteun (21) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais catro (4) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Votos en contra:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Abstencións:* Non houbo.

ACORDO:

Con vinteun (21) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular (4), e tres (3) votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Conceder a Medalla de Ouro da Cidade de Vigo a:

- COLEXIO MARÍA INMACULADA – HH. CARMELITAS, Medalla de Ouro da Cidade de Vigo, en recoñecemento á súa dilatada traxectoria educativa coincidindo coa celebración do seu centenario.

- JOSÉ GARCÍA COSTAS, Medalla de Ouro da Cidade de Vigo, en recoñecemento á súa relevante traxectoria empresarial e á súa contribución ao desenvolvemento económico da cidade.

SEGUNDO.- “Publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

**2 (37). NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS. EXPTE. 21047/101. EXPTE. PLENO 5342/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 9 de marzo de 2026, a Alcaldía emite o seguinte informe proposta,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:51	Páxina 6 de 17
5376-1101	CSV: AEB2BE-B9BE29-D32AB1-919N6B-899AP7-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

## “I. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución Española de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades lo cais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado por acordo pleno rio de data 24 de febreiro de 2021 (BOP PO núm. 87 de 10.05.2021).
- Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981.

## II. ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.

Segundo.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no ruego; título honorífico (Medalla da Cidade) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

Terceiro.- En aplicación do artigo 5.3. do Regulamento de Honras e Distincións, aprobado por acordo plenario de 29 de setembro de 1981, a Comisión de goberno do 14 de marzo de 1988 (actualmente Xunta de Goberno Local), aprobou a institucionalización do nomeamento de “Vigués Distinguido” para galardoar “á persoa ou grupo de persoas que se distinguiron e sobresaíron ao longo das súas vidas polas virtudes urbanas ou polo seu quefacer profesional; vagueses famosos, populares e mesmo, nalgúns casos, persoas que, polo seu labor calado ou polo seu auto-rexeitado protagonismo, non son coñecidas pola maioría.

Cuarto.- Pola súa parte, o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 24 de febreiro de 2021 (BOP PO núm. 87 de 10.05.2021), establece no seu artigo 28.4 que a Xunta de Voceiros será consultada para a “concesión de distincións que correspondan ao Pleno”.

Quinto.- Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 24 de febreiro de 2026, a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, ordena o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión dos galardón Vaguesas/es Distinguidas/os 2026, en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.

Sexto.- Con data 9 de marzo de 2026, celebrouse unha Xunta de Voceiros/as co obxecto de evacuar o trámite de consulta aos grupos políticos con representación no Pleno, previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, realizándose a proposta que se contén no expediente de referencia.

## III. FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:51	Páxina 7 de 17
5376-1101	CSV: AEB2BE-B9BE29-D32AB1-919N6B-899AP7-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

## A) MARCO LEGAL

Primeiro.- A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 137 a organización do Estado en municipios, provincias e as comunidades autónomas que se constitúan y determina que todas estas entidades gozarán de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. No seu artigo 140 conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecéndose que o seu goberno e administración corresponde aos respectivos concellos.

Segundo.- Neste marco legal, no ano 1985 apróbase a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local que establece como potestades dos entes locais a regulamentaria e a de autoorganización.

Terceiro.- O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, establece no seu artigo 189 que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios.

Cuarto.- Pola súa parte, o artigo 190 da citada disposición sinala que os Concellos, Deputacións Provinciais, Cabidos e Consellos Insulares poderán acordar nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, cualidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados co maior rigor no expediente que se instruirá ao efecto.

Quinto.- O artigo 50.24 do dito regulamento determina que será atribución do Pleno da Corporación a concesión de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos e conferir títulos de fillos predilectos ou adoptivos ou de membros honorarios da Corporación.

Sexto: O artigo 191 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que "os requisitos e trámites necesarios para a concesión dos honores e distincións a que se refiren os dous artigos precedentes (189 e 190), determinaranse en Regulamento especial".

Sétimo.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo. No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla de Vigo) e "calquera outra distinción que acorde a Corporación".

Oitavo.- Con data 24 de febreiro de 2021 o Pleno da Corporación aprobou definitivamente o Regulamento Orgánico do Pleno, que no seu artigo 28.4 establece como trámite preceptivo e non vinculante a consulta previa á Xunta de Voceiros para a concesión de distincións que correspondan ao Pleno.

Noveno.- Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 24 de febreiro de 2026, a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, ordena o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión dos galardóns Viguesas/es Distinguidas/os en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:51	Páxina 8 de 17
5376-1101	CSV: AEB2BE-B9BE29-D32AB1-919N6B-899AP7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Décimo.- Con data 9 de marzo de 2026, celebrouse unha Xunta de Voceiros/as co co obxecto de evacuar o trámite de consulta aos grupos políticos con representación no Pleno, previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, realizándose a proposta que se contén no expediente de referencia.

## B) MOTIVACIÓNS PARA OUTORGAR AS DISTINCIÓNS DE VIGUESAS/ES DISTINGUIDAS/OS:

As motivacións que fundamentan os méritos para a concesión das distincións de Viguesas/es Distinguidas/os no ano 2026, en recoñecemento ao labor destacado e a contribución significativa das persoas e entidades da cidade de Vigo son as seguintes:

### - ENTIDADES EDUCATIVAS, EX AEQUO.

#### 1.- IES ALEXANDRE BÓVEDA – COIA 2, polo seu 50º aniversario no 2026.

Situado en Coia, naceu como un centro de apoio ao Santa Irene, que estaba en obras. Inicialmente chamado Instituto Feminino de Coia, co fin da ditadura cambiou o seu nome polo do político republicano e galeguista. En 2026 cumpre 50 anos de historia.

Sempre á procura da integración coa súa contorna, conta con 800 estudantes de ESO e Bacharelato, que este ano preparan diferentes actividades para celebrar medio século de vida. Unha das súas máximas é a potenciación da lingua e da cultura galegas.

Polas súas aulas pasaron Víctor Freixanes, Xela Arias e Begoña Caamaño, homenaxeada nas Letras Galegas 2026.

#### 2.- IES ÁLVARO CUNQUEIRO-COIA 4, pola súa traxectoria como referente educativo.

Situado no barrio de Coia e inicialmente coñecido como Coia 4, adoptou no ano 1983 o nome do escritor Álvarounqueiro e mantén un “deseño educativo excepcional”, tendo entre os seus profesores ilustres a Xesús Alonso Montero que foi docente entre 1980 e 1982. Guiado polo deber de educar e formar ao alumnado que pasou polas súas aulas impartindo unha ensinanza axeitada ás súas necesidades e promovendo o pensamento crítico.

### - ENTIDADES DE CARÁCTER SOCIAL, EX AEQUO.

#### 3.- FUNDACIÓN MENELA, con motivo do seu 50º aniversario.

É unha organización sen ánimo de lucro que celebra 50 anos de historia, que traballa para atender as necesidades das persoas con Trastorno do Espectro Autista e as súas familias desde a primeira infancia ata a idade adulta.

Fundada en Coruxo en 1976 polo psiquiatra Cipriano Luís Jiménez Casas, que traballa para promover o desenvolvemento de nenos con autismo e mellorar as súas capacidades como individuos. Cipriano Jiménez foi nomeado Cidadán Ilustre de Vigo en 2011.

Ten varios centros de servizos: Centro de Educación Especial en Bouzas; Centro Castro Navás en Nigrán para persoas maiores de 16 anos e Edificio Cami, no centro histórico de Vigo, que ofrece apoio familiar, diagnóstico, intervención temperá, un centro de formación, actividades de lecer e oportunidades de voluntariado

#### 4.- ASOCIACIÓN VIDA DIGNA, polo seu 20º aniversario.

É unha entidade sen ánimo de lucro, fundada en Vigo hai 20 anos co obxectivo de axudar á comunidade a través do seu comedor social, distribución de alimentos,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:51	Páxina 9 de 17
5376-1101	CSV: AEB2BE-B9BE29-D32AB1-919N6B-899AP7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

servizos de orientación e derivación, asistencia xurídica e psicolóxica, banco de roupa social gratuito, tutoría, etc.

Ao longo deste tempo, a organización asistiu a miles de familias e quérese recoñecer o seu traballo voluntario apoiando a persoas en situación de desigualdade ou en risco de exclusión social e/ou con dificultades de integración.

- RECOÑECIMENTOS A TÍTULO INDIVIDUAL DE CARÁCTER SOCIAL, EX AEQUO.

- 5.- ROSA FONTAÍÑA, con motivo da súa labor na Rede de Mulleres Veciñais de Vigo contra os malos tratos.

Pioneira na loita contra a violencia de xénero na cidade e figura consolidada no movemento veciñal de Vigo.

Hai case 30 anos, fundou a Rede de Mulleres Veciñais de Vigo contra os malos tratos, organización que presidiu ata o ano pasado e a través da cal apoiou a miles de mulleres en situacións difíciles. Ocupou diversos cargos de portavoz de mulleres na Confederación Española de Mulleres, onde foi voluntaria durante oito anos.

- 6.- GONZALO DÁVILA, en recoñecemento ao seu labor á fronte de CÁRITAS.

Durante nove anos, foi responsable da ONG CÁRITAS DIOCESANA DE TUI- VIGO, que conta con 450 voluntarios e atende persoas de 80 parroquias da área de Vigo. Como profesor xubilado de ensino primario, desenvolveu a súa labor á fronte da entidade con dedicación, compromiso e proximidade.

- ENTIDADES DE CARÁCTER EMPRESARIAL, EX AEQUO.

- 7.- DISGOBE, S.A. polo seu 50º aniversario.

Distribuidora de alimentación e bebidas, fundada en 1975 en Vigo pola familia Gómez. Dende os seus inicios nun local na planta baixa da Baixada do Castaño, a empresa ampliou o seu servizo de distribución a toda a provincia de Pontevedra e, posteriormente, a de Ourense e Santiago de Compostela. Na actualidade, tras 50 anos de actividade, a distribuidora conta cun equipo de 150 persoas e máis de 40 camións, ofrecendo un servizo integral ao sector hostaleiro, cubrindo todas as súas necesidades: temperatura ambiente, refrixerados, sección de viños e comida gourmet, traballando con marcas recoñecidas a nivel local, nacional e internacional.

- 8.- ARDORA, S.A., polo seu 50º aniversario.

É unha empresa viguesa especializada na venda de motores e maquinaria para os sectores mariño e industrial, así como na prestación de servizos de asistencia técnica, mantemento e reparación. Con 50 anos de experiencia e crecemento continuo, Ardora é un centro de servizo autorizado para as principais marcas de equipos mariños e industriais.

ARDORA realiza reparacións de buques en todo o mundo, ofrecendo dispoñibilidade 24 horas ao día, 7 días á semana aos seus clientes. A excelencia técnica é un dos valores fundamentais da empresa.

- 9.- DENSO SISTEMAS TÉRMICOS ESPAÑA S.A., polo seu 20º aniversario no ano 2025.

Denso Vigo acaba de cumprir 20 anos de funcionamento na cidade.

Unha planta especializada na produción de sistemas de aire acondicionado e módulos de refrixeración para vehículos. Situada no Parque Tecnolóxico de Valladares (PTL), emprega a 365 persoas e acadou unha produción acumulada de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:51	Páxina 10 de 17
5376-1101	CSV: AEB2BE-B9BE29-D32AB1-919N6B-899AP7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

máis de 13 millóns de unidades de aire acondicionado desde a súa apertura en 2005.

10.- ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE REPRESENTANTES DE COMERCIO DE VIGO, en recoñecemento á súa actividade profesional.

A Asociación Provincial de Delegados de Vendas de Vigo foi fundada en 1954. Cumpre 71 anos representando, xestionando e defendendo os intereses dos seus membros, que son profesionais da venda. A asociación, presidida por Manuel Estévez Rodríguez, destaca a súa importancia como punto de encontro e fonte de apoio mutuo para o sector.

- ENTIDADES DEPORTIVAS, EX AEQUO.

11.- RUN RN VIGO, en recoñecemento a súa traxectoria deportiva.

O circuítio de carreiras populares Run Run Vigo naceu hai 17 anos co obxectivo de promover o *running*. Este ano alcanza a súa décimo sétima edición e deixa de ser un simple calendario deportivo para converterse nun fenómeno sociolóxico de primeira orde.

Carreiras incluídas no calendario Run Run Vigo:

- Subida ao Castro, 15 de febreiro (Náutico-O Castro)
- 5+5 do Calvario, 1 de marzo (O Calvario)
- 10k de Teis, 15 de marzo (Teis)
- Medio Maratón de Vig Bay, 12 de abril (Coruxo-Samil)
- Carreira Praia de Samil, 17 de maio
- Carreira da Cereixa, 31 de maio (Beade)
- Carreira nocturna por Vigo, xuño (As Travesas-Coia)
- Rúa nocturna de San Xoán, 23 de xuño (Praza do Rei – O Berbés)
- Vigo contra o Cancro, outubro (Coia)
- La 21, media maratón, 15 de novembro (Coruxo-centro de Vigo)
- Carreira solidaria "Erguete e Corre", 29 de novembro (Casablanca-Teis)
- Milla de Vigo (Vigo+11), decembro (Navia)

12.- CLUB DEPORTIVO NIETO, polo súa traxectoria e arraigo á cidade de Vigo.

Fundado en 1940 en Vigo, ten a súa sede no estadio municipal do Meixoeiro. Ten 10 equipos de diversas categorías de idade. Actualmente conta con 273 xogadores rexistrados, dos cales 222 son xogadores xuvenís.

13.- CLUB SIEIRO ACROBACIA, polo seu 25º aniversario.

É unha asociación deportiva pioneira en Vigo especializada en ximnasia artística, trampolín e ximnasia acrobática. Promove a participación deportiva desde a infancia ata a idade adulta dun xeito divertido e competitivo. Inculca valores de disciplina, responsabilidade e respecto. Ofrece adestramento para a competición en todos os niveis e categorías de ximnasia artística e trampolín.

14.- CLUB DEPORTIVO BEMBRIVE FÚTBOL SALA, polo seu 25º aniversario.

Fundado no ano 2001 co obxectivo de promover o deporte na parroquia, e en especial o deporte feminino. Conta con 147 socias rexistradas, das cales 126 son xogadoras xuvenís. Ten equipos en categorías feminina, masculina e mixta, sendo o seu equipo insignia o equipo feminino de elite, a segunda categoría máis alta a nivel nacional. É o único equipo vigués nesta categoría. A tempada pasada foron campións da liga de Segunda División Grupo 1, aínda que non conseguiron o ascenso.

15.- GRAN PEÑA FÚTBOL CLUB, polo seu centenario.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/05/2026 12:51

Páxina 11 de 17

5376-1101

CSV: AEB2BE-B9BE29-D32AB1-919N6B-899AP7-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

100 anos de historia para un club histórico que se converteu nun clásico do fútbol vigués e galego. Actualmente compite na Terceira Federación (Grupo 1). Mantivo unha longa relación co Real Club Celta, sendo o seu equipo de reserva durante dous períodos: 1973-1988 e 2021-2024.

#### - RECOÑECEMENTOS A TÍTULO INDIVIDUAL DE CARÁCTER DEPORTIVO.

16.- ALFONSO GONZÁLEZ, en recoñecemento ao seu labor á fronte do Alerta de Navia.

Fundador do Club Deportivo Alerta en 1962, xunto con Daniel Ochoa, quen o presidiu durante un par de tempadas antes de cederlle o cargo a Alfonso González, que é presidente desde entón.

Foi futbolista, judoka e ximnasta, aínda que tivo que retirarse aos 18 anos por unha afección cardíaca. Un dos primeiros graduados do INEF (Instituto Nacional de Educación Física), despois de completar a titulación anterior.

Fusionou Alerta con Travesas en 1986, operando como Alerta Travesas ata 2012, e logo volveu a unirse a Navia ao establecerse no barrio, cambiando o nome a Alerta Navia.

Actualmente, o club ten 16 equipos en competición, con 337 xogadores inscritos, dos cales 264 son xogadores xuvenís.

Do club xurdiron nomes como Fernando Rodilla, unha lenda do Celta, e Ignacio García Mallo, porteiro que xogou na Primeira División co Mallorca.

A súa filosofía inclúe promover a participación das familias e veciños e fomentar a educación baseada en valores.

#### - ENTIDADES CULTURAIAS.

17.- CORAL POLIFÓNICA DE CANDEÁN, polo seu 50 aniversario.

Fundada en 1976 baixo a dirección de Vicente Rodríguez Abeijón. Destaca pola súa participación nun concerto con Jean-Michel Jarre durante a súa primeira xira por España. No verán de 1996, realizou varios concertos en Navarra. Son membros de ACOPOVI desde a súa fundación.

18.- JOSÉ MANUEL NOGUEIRA REY, (Cabral, 1946), pola súa traxectoria na defensa, ensino e promoción da música e do baile tradicional galego en Vigo.

Profesor, coreógrafo, músico e dinamizador cultural. Iniciou a súa traxectoria en 1963 na Agrupación Folclórica Lembranzas Galegas, convertendo desde entón o folclore nunha verdadeira vocación de vida. Desenvolveu unha intensa actividade na Asociación Cultural O Coto, onde foi presidente e impulsor de numerosos proxectos formativos e musicais. Como creador e director do grupo Airiños do Coto formou a centos de mozos e mozas, contribuíndo durante décadas á transmisión da música e do baile tradicional galego.

#### - RECOÑECEMENTOS A TÍTULO PÓSTUMO.

19.- MINGOS TEIXEIRA

Cunha ampla carreira creativa e docente que abrangue máis de catro décadas no seu estudo de arte en Florida. Comezou a súa formación artística na Escola de Artes e Oficios de Vigo. Mingos desenvolveu unha ampla carreira expositiva con presenza en Europa e América. Traballou na crítica de arte, o comisariado e a divulgación a través de artigos e colaboracións en diversas publicacións.

O artista cultivou numerosas disciplinas como a fotografía, o deseño de carteis, a ilustración, o deseño e a pintura. Recibiu prestixiosos premios nacionais e internacionais que acreditan a calidade e o impacto da súa obra artística



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:51	Páxina 12 de 17
5376-1101	CSV: AEB2BE-B9BE29-D32AB1-919N6B-899AP7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**20.- PATRICIO SÁNCHEZ BELLO**

Profesor na área de Estatística e Investigación Operativa e director da Escola de Comercio de Torrecedeira durante case dúas décadas. Foi un dos responsables da implantación do grao en Comercio, aprobado en decembro de 2009.

Participou no primeiro equipo directivo da Universidade de Vigo, asumindo a responsabilidade da área de Deportes, e acadando grandes éxitos nas actividades deportivas universitarias. En 2006, ingresou como membro do Instituto de Estudos Vigueses

**21.- GERARDO FERNÁNDEZ COSTA "GERARDIÑO"**

(Vigo, 1978–2025), polo seu compromiso coa inclusión das persoas con discapacidade a través do deporte Motor e co-fundador do proxecto DisCamino. Persoa xordo-cega de nacemento, superou as barreiras da súa propia discapacidade implicándose plenamente neste proxecto. DisCamino é hoxe un referente internacional na inclusión a través do deporte, axudando a centos de persoas con discapacidade. A través das súas múltiples rutas en triciclo tandem levou o nome de Vigo por toda a xeografía española e europea, converténdose nun exemplo de superación e nun impulsor da visibilidade da xordocegueira e dunha sociedade máis accesible.

**C) INCIDENCIA ECONÓMICA.**

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta son exclusivamente honoríficas e non comportan dereito económico nin administrativo algún para os galardoados/as, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

**IV.-PROPOSTA DE ACORDO:**

Polo exposto, en atención aos especiais e importantes méritos recollidos na parte expositiva deste informe-proposta e no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía Presidencia contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elevase ao órgano Pleno a seguinte .../...

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta de acordo que se contén na parte dispositiva deste acordo.

**DELIBERACIÓNS.** Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

Mediante escrito presentado no Rexistro electrónico do Pleno con data de entrada do 11 de marzo de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, presenta voto particular relativo á proposta de Nomeamento de Vigueses Distinguidos (Expte. 21047/101) que consta no expediente electrónico número 5355/1101.

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 11 de marzo de 2026, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, presenta voto particular



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:51	Páxina 13 de 17
5376-1101	CSV: AEB2BE-B9BE29-D32AB1-919N6B-899AP7-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

relativo á proposta de Nomeamento de Vigueses Distinguidos (Expte. 21047/101) que consta no expediente electrónico número 5360/1101.

#### VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO BNG:

- *Votos a favor:* sete (7) dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, mais dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular (4), señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Votos en contra:* dezasete votos (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia.
- *Abstencións:* Non houbo

#### ACORDO:

Con sete (7) votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG (3), mais catro (4) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular e dezasete (17) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista; queda rexeitada a emenda parcial ao ditame.

#### VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO PP:

- *Votos a favor:* catro (4) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Votos en contra:* dezasete votos (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia.
- *Abstencións:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas..

#### ACORDO:

Con catro (4) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, dezasete (17) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, queda rexeitada a emenda de éngada ao ditame.

#### VOTACIÓN DA PROPOSTA DITAMINADA:

- *Votos a favor:* vinteun (21) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais catro (4) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Votos en contra:* Non houbo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:51	Páxina 14 de 17
5376-1101	CSV: AEB2BE-B9BE29-D32AB1-919N6B-899AP7-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

•*Abstencións:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas

#### ACORDO:

Con vinteun (21) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular (4), e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión dos galardóns de “Viguesas e Vigueses Distinguidas/os 2026”, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, ás persoas e entidades que se conteñen na parte expositiva do informe, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren nos candidatas e candidatos propostos seguintes:

- 1.- IES ALEXANDRE BÓVEDA – COIA 2.
- 2.- IES ÁLVARO CUNQUEIRO - COIA 4.
- 3.- FUNDACIÓN MENELA.
- 4.- ASOCIACIÓN VIDA DIGNA.
- 5.- ROSA FONTAÍÑA.
- 6.- GONZALO DÁVILA.
- 7.- DISGOBE, S.A.
- 8.- ARDORA, S.A.
- 9.- DENSO SISTEMAS TÉRMICOS ESPAÑA S.A.
- 10.- ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE REPRESENTANTES DE COMERCIO DE VIGO.
- 11.- RUN RN VIGO.
- 12.- CLUB DEPORTIVO NIETO
- 13.- CLUB SIEIRO ACROBACIA, polo seu 25º aniversario.
- 14.- CLUB DEPORTIVO BEMBRIVE FÚTBOL SALA, polo seu 25º aniversario.
- 15.- GRAN PEÑA FÚTBOL CLUB, polo seu centenario.
- 16.- ALFONSO GONZÁLEZ.
- 17.- CORAL POLIFÓNICA DE CANDEÁN.
- 18.- JOSÉ MANUEL NOGUEIRA REY,
- 19.- MINGOS TEIXEIRA (a título póstumo).
- 20.- PATRICIO SÁNCHEZ BELLO (a título póstumo).
- 21.- GERARDO FERNÁNDEZ COSTA “GERARDIÑO”

SEGUNDO.- “Notificar o presente acordo ás/ós galardoadas e galardoados e publicar o mesmo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

### ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario Medalla da Cidade e Vigueses Distinguidos 2026  
 Legislatura: Mandato 2023-2027  
 Órgano : Pleno  
 Fecha Inici: Jueves, 12 de Marzo de 2026 10:05:43



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:51	Páxina 15 de 17
5376-1101	CSV: AEB2BE-B9BE29-D32AB1-919N6B-899AP7-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Fecha Fin : Jueves, 12 de Marzo de 2026 10:31:04  
 Duración : 00:25:21

- HTML

-----  
[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas\\_new.jsp?id=3642](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas_new.jsp?id=3642)

- Media (MASTER)

-----  
 [1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 340 MiB  
 Url -  
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/OfUgNiT0Sm6VZNkGubKawVNiwL61pcocjjadS2Qji6B9aPrZ.wmv>  
 SHA512 - 90f51782275c12e04b18a782a410a640dfd4337a1b98d8be26e98bf05c78f9d646edc04096fa43ac8dc9a9f6958d92b13069a6124354cfb905958e535c77e717

- Media (PROXYS)

-----  
 (no disponible)

- Minutaje

-----  
 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretaria;  
 Silva Rego, Carmen; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda;  
 Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez  
 Rodríguez, Nuria; Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen; Gomez Díaz, Gorka;  
 Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier;  
 Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros  
 Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose  
 Manuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez  
 Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González,  
 Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe;  
 Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.  
  
 00:00:09 - Caballero Álvarez, Abel  
  
 00:00:41 : 1.- Concesión Medalla da Cidade. Expte. 21048/101. Expte. Pleno  
 5343/1101.  
 00:01:17 - López Font, Carlos  
 00:06:42 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:06:50 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:12:00 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 00:17:10 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:17:17 - López Font, Carlos  
 00:20:24 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:20:50 - Votación [10:26:27]  
 00:21:04 - Votación [10:26:50]  
 00:21:37 - Votación [10:27:23]  
 00:21:59 - Votación [10:27:42]  
  
 00:22:22 : 2.- Nomeamento de Vigueses Distinguidos. Expte. 21047/101. Expte.  
 Pleno 5342/1101.  
 00:22:37 - Votación [10:28:22]  
 00:22:58 - Votación [10:28:44]  
 00:23:17 - Votación [10:29:03]  
 00:25:21 : [FIN]

-- 0 --



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:51	Páxina 16 de 17
5376-1101	CSV: AEB2BE-B9BE29-D32AB1-919N6B-899AP7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás dez horas e trinta minutos (10:30) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 3/2026, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.  
am.

A PRESIDENCIA  
Abel Caballero Álvarez

A SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL  
Pilar Saborido Díaz



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:51	Páxina 17 de 17
5376-1101	CSV: AEB2BE-B9BE29-D32AB1-919N6B-899AP7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		